

Estimada familia,

O Departamento de EF, como en cursos anteriores, organiza a SEMANA BRANCA, actividade que pretende dar a oportunidade ao alumnado de 3º da ESO, de practicar unha modalidade deportiva diferente, o ESQUÍ. Dita viaxe xa se realizou nos cursos 18-19, 19-20, 21-22, 22-23 e 23-24 con moito éxito no noso centro.

Realizaremos a viaxe con **Viaxes Sierra**, axencia especializada en esquí de Galicia, con máis de 30 anos de experiencia na organización deste tipo de viaxes escolares, e tras valorar o prezo e sobre todo, a calidade dos seus servizos.

#### **DATOS XERAIS DA VIAXE:**

- Estación de esquí: GRANDVALIRA (Sector Soldeu el Tarter). **ANDORRA**
- Aloxamento: Hotel Espel 3\* (Andorra La Vella) con ceas en Caldea (a 400 m.).
- Datas: do **8 ao 15 de febreiro de 2025**
- Prezo Viaxe: entre **660 euros e 690 euros** dependendo do número de alumnos/as e a ocupación do autobús.
- Saída: sábado 8 de febreiro, ás 23:30 horas aprox.
- Chegada: sábado 15 de febreiro, ás 9:00 aprox.

**O PREZO DA VIAXE INCLÚE:** *viaxe en autobús, traslados diarios a pistas, estancia hotel 5 noites en AD (almorzo), 5 comidas buffet restaurantes pistas, 5 ceas en Caldea, 5 días de forfait (remontes), 2 h diarias de clases con monitores especializados, aluguer do material de esquí (incluído casco), aluguer gaiola ao pé de pistas para deixar material, petos deportivos, seguro de viaxe, esquí e accidentes, asistencia de guía monitor durante toda a estancia, entrada a centro termolúdico CALDEA (2h),...*

Para poder financiar parte do prezo, o alumnado poderá vender rifas (gratuitas).

**O PREZO DA VIAXE NON INCLÚE:** *O alumnado con 16 anos na data da viaxe terá que aboar 7,85€ en concepto de taxa turística do hotel (ingresarán 157,85€ no primeiro prazo en lugar de 150€).*

***Seguro opcional de cancelación por causas moi xustificadas por importe de 25€ (a ingresar coa reserva).***

#### **MODOS DE PAGAMENTO:**

- A. **3 PRAZOS:** *150 euros en concepto de reserva antes do 31 de outubro de 2024, outro pago de 150 euros antes do 20 de decembro e a cantidade restante antes do 24 de xaneiro de 2025.*  
**A conta para realizar o primeiro pago e o segundo pago é a seguinte:**

**Concepto:** ANDORRA + Nome, apelidos alumn@ e curso

**Nº CC IES Rego de Trabe:** ES42 0049 2970 8122 1401 9011

***Nota: deberán entregar no departamento de EF unha copia do xustificante bancario de pago, así como do compromiso das familias para a realización da viaxe asinado.***

- O **luns 14 de outubro, ás 18:15** celebraremos unha reunión informativa no Salón de Actos.

Un cordial saúdo,

*Departamento de EF e Vicedirección do IES Rego de Trabe*

En Culleredo, a 9 de outubro de 2024